

>enpersoa

“A chegada de Novoneyra foi determinante para ter a AELG de hoxe, que agora cumpre 30 anos”



CESÁREO SÁNCHEZ
PRESIDENTE
DA AELG

> Desde a presidencia da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Sánchez non ten máis que palabras de admiración para quen dirixiu o colectivo 17 anos

A. Conde

“Compañeiro, amigo leal e mestre, como poeta e como ser radicalmente humano”. Así define Cesáreo Sánchez o poeta do Courel, cuxo ideario di que “segue vixente como facho que guía a AELG”.

P Vostede tivo a sorte de coñecer a Uxío Novoneyra en vida, ¿que recordo garda del?

R Falar hoxe do poeta Uxío Novoneyra para min significa falar a un

tempo do compañeiro a traballar de xeito infatigable na defensa da nosa lingua, do mestre –como poeta e como ser radicalmente humano–, falar do amigo acolledor, leal e sincero co que compartía o meu estar no mundo. Así o escoitaba e con el compartía este longo camiño que, en soidade, debe camiñar todo poeta. A súa amizade abrazoume e deume cálido abrigo. Foi un privilexio poder compartir o seu ser poeta, no que a súa conciencia asumía o destino do seu pobo, para así constituírse nun dos poucos poetas aos que podemos nomear nacionais.

P O poeta presidiu 17 anos a AELG, ¿como describiría a súa achega á asociación?

R Como presidente deste proxecto colectivo que sempre foi, é e será a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a súa achega ao longo de dezasete anos foi determinante para que teñamos a AELG de hoxe, que este 2010 fai trinta anos. O ideario de Uxío Novoneyra segue vixente como facho



Cesáreo Sánchez é poeta. > LV

“A asociación está a conseguir a dignificación do oficio de escritor/a”

P ¿Cales son os retos inmediatos da AELG?

R É preciso facer entender aos gobernos e institucións que os apoios económicos á AELG non son subvencións para as “actividades” dos escritores, senón un investimento produtivo, pois dan contidos ás industrias culturais do noso país. Por iso é necesaria unha mínima estabilidade para a AELG, sen que dependa do momento político, que garanta o que é un servizo público á sociedade galega. A AELG quere seguir a investir en proxectos, como a web, que recibe máis de tres mil entradas diarias.

P ¿E os principais logros?

R A AELG está a conseguir a dignificación do oficio de escritor/a. Desde a AELG velamos polas inxerencias e necesidades dos escritores en lingua galega. A AELG sempre defendeu o labor do escritor como inequívoco traballador dun idioma en construción, sempre a nacer coa súa palabra nova.

que guía o proxecto colectivo que alimenta a AELG de hoxe. compromiso de Uxío Novoneyra co ser fundador da Galicia máis real e máis soñada a se construír no noso idioma é un dos alicerces fundacionais da AELG que se prepa para guiarán no seu futuro.

P ¿Como vía Novoneyra o papel do escritor na nosa sociedade como o ve vostede?

R Eu coincido, sempre coincido con el cando facía unha definición de escritor como o que se aferra á independencia da independencia

«EU COINCIDO CON UXÍO NA DEFENSA DA INDEPENDENCIA INTELLECTUAL DO ESCRITOR COMO GUÍA NECESARIA PARA O SEU LABO»

intelectual do escritor como guía necesaria para todo o facer social, político e cultural da Galicia, cunha obra, chea de intensidade interior, filla da experiencia máis fonda e atinxida pola memoria dunha tradición literaria, halada por unha humanidade literaria. El sempre defendeu eu tamén, que o escritor non debe escribir coa súa experiencia senón coa de todo o pasado que está previamente na lingua que escribimos.